

ORDE do 10 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras do Plan Galicia Emprega de incentivos á contratación e á formación na empresa ordinaria, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR342C).

Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, esta comunidade autónoma asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación e, a través do Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, do Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 123/2022, do 23 de xuño de 2022, polo que se establece la estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, esta Consellería asume o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

Corresponde, pois, á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, para o exercicio orzamentario 2023 a xestión das subvencións e axudas públicas das políticas activas de emprego, entre as que están as medidas dirixidas por unha banda, a fomentar a creación de emprego de calidade e, por outra, a incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, mellorando as condicións do mercado de traballo, no marco da Estratexia europea para o emprego, do Programa nacional de reformas, do respectivo Plan anual de política de emprego (PAPE), e no eido da colaboración institucional e o diálogo social entre o Goberno galego e os axentes económicos e sociais de Galicia.

As circunstancias excepcionais de crise económica resultantes da pandemia provocada polo coronavirus COVID-19 agraváronse polos importantes efectos económicos derivados da invasión de Ucraína por parte de Rusia, que está ocasionado graves consecuencias dende o punto de vista económico a nivel europeo, producíndose un gran incremento dos custos enerxéticos, xunto co encarecemento das materias primas agrícolas e minerais, o que leva a necesidade de adoptar medidas que contribúan a paliar os efectos desta crise tamén sobre o mercado do traballo na nosa Comunidade Autónoma. Neste senso a Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade, segue apostando polo mantemento do emprego e da actividade económica das empresas, impulsando á contratación indefinida dos colectivos máis vulnerables

Estas axudas quedan sometidas ao réxime *de minimis*, nos termos establecidos no Regulamento (UE) núm. 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L352, do 24 de decembro); ao Regulamento (UE) núm. 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L190, do 28 de xuño) e ao Regulamento (UE) núm. 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola (DOUE L352, do 24 de decembro).

En canto ao procedemento de concesión, establécese un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrência competitiva, de acordo co disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que de acordo coa finalidade e obxecto do programa non resulta necesario realizar a comparación das solicitudes

presentadas nun único procedemento senón que a concesión da axuda se realiza pola comprobación da concorrencia na persoa solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario.

A presente orde tramítase ao abeiro do disposto no artigo 1.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expediente de gasto, na redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, modificada pola Orde do 25 de outubro de 2001, e o artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que queda a concesión das subvencións sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

Neste marco de actuación, as bases reguladoras axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en especial no relativo aos principios de transparencia, eficacia e eficiencia na xestión, no Decreto 11/2009, do 9 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xuño.

Consecuentemente con todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe da Secretaría Xeral de igualdade, da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa, da Asesoría Xurídica e a Intervención Delegada , e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Ámbito e réxime das axudas e disposicións comúns de procedemento

Artigo 1. Obxecto e finalidade

Esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convocar para o ano 2023, no ámbito da comunidade autónoma de Galicia as axudas establecidas pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade que favorezan a contratación de persoas desempregadas na empresa ordinaria (e entidades sen ánimo de lucro), especialmente daquelas que teñen maiores dificultades de inserción laboral, coa finalidade de seguir paliando os prexuízos económicos sobre o mercado de traballo, derivados dos efectos da pandemia provocada pola COVID-19 e agravados pola invasión de Ucraína por parte de Rusia.

A orde regula o Plan Galicia emprega (código de procedemento TR342C) de incentivos á contratación por conta allea e á formación dos colectivos vulnerables recollidos no artigo 25.1.a), a través de dúas liñas de axudas:

1. A liña de incentivos á contratación por conta allea cuxas particularidades se recollen no capítulo II desta orde, e que inclúe catro modalidades de axudas:

- a) Incentivos á contratación indefinida inicial de persoas desempregadas.
- b) Incentivos ao incremento de xornada das contratacións indefinidas, de tempo parcial a tempo completo.
- c) Incentivos ao incremento da duración anual dos contratos fixos-descontinuos a un mínimo de 9 meses.

d) Axudas para a adaptación de postos de traballo de persoas con discapacidade.

2. A liña de incentivos ás accións formativas no centro de traballo, de carácter opcional, cuxas particularidades se recollen no Capítulo III desta orde, vai dirixida ás persoas contratadas mediante contratación indefinida inicial por medio desta orde, para levar a cabo accións formativas que melloren os seus coñecementos e habilidades relacionados co posto de traballo.

Artigo 2. Marco normativo

As solicitudes, tramitación e concesión das subvencións axustaranse ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, Lei 9/2007, do 13 xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro; no proxecto de Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, aprobado polo Consello da Xunta o día 18 de outubro de 2022 no que resulte de aplicación a Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións, e o seu Regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e ao disposto nesta orde.

Artigo 3. Principios de xestión

A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

c) Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Artigo 4. Orzamentos

1. A concesión das subvencións previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario e realizarase con cargo ás seguintes aplicacións da Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social recollidas no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, aprobado polo Consello da Xunta o día 18 de outubro de 2022, por un importe total de 17.450.000€ co seguinte reparto:

Colectivo ao que se dirixe a axuda	Dotación de crédito	Tipo de fondo	Código de proxecto	Aplicación orzamentaria
A. Persoas mozas	2.000.000€	Fondo propio	2016 00308	11.30.322C 470.3
	1.000.000€	Fondo finalista	2023 00120	11.30.322C 472.0
B. Persoas paradas de longa duración	2.000.000€	Fondo finalista	2016 00316	11.30.322C.470.4
C. Persoas de 55 anos ou mais				
D. Persoas emigrantes retornadas e estranxeiras	2.000.000€	Fondo propio	2023 00126	11.30.322C 472.0
E. Mulleres	7.000.000€	Fondo finalista	2016 00313	11.30.322C 472.0
F. Persoas con discapacidade ou en risco ou situación de exclusión social	2.950.000€	Fondo finalista	2016 00309	11.30.322C 470.9

Ademais, no caso de que a entidade beneficiaria sexa unha entidade sen ánimo de lucro, destínanse 500.000€ (para todos os colectivos aos que se dirixe a axuda descritos na anterior táboa) no código de proxecto 2023 00101, aplicación orzamentaria 11.30.322C.481.9

Os incentivos do bono formación financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria que corresponda, atendendo ao colectivo ao que pertenza a persoa que vai recibir a dita formación.

2. A presente orde tramítase ao abeiro do disposto no artigo 1.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expediente de gasto, na redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, modificada pola Orde do 25 de outubro de 2001, e o artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que queda a concesión das subvencións sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución e, así mesmo todos os actos ditados no expediente enténdense condicionados a que, unha vez aprobado o orzamento, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se produciron.

3. De ser o caso, e de acordo co disposto no artigo 31.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicarase mediante resolución da persoa titular da Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas.

4. Os ditos créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais.

5. Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito

como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30.2 do seu regulamento de desenvolvemento.

6. A distribución provincial de créditos para o financiamento das axudas e subvencións previstas nesta orde será, con carácter xeral, directamente proporcional ao número de persoas paradas e á evolución do paro rexistrado no período 2017-2021, e inversamente proporcional á evolución da poboación no citado período, e terá en conta o necesario equilibrio e solidariedade con aqueles territorios máis desfavorecidos; Ao abeiro disto, en cada unha das provincias galegas a repartición dos anteditos importes por aplicación orzamentaria realizarase en atención ás seguintes porcentaxes: A Coruña, 33 %; Lugo, 17 %; Ourense, 17 % e Pontevedra, 33 %.

Dentro de cada provincia, os créditos sobrantes dun código de proxecto poderán ser empregados noutro, logo das modificacións orzamentarias que procedan e unha vez publicada a reasignación de créditos no Diario Oficial de Galicia.

Así mesmo, de existir remanentes nunha xefatura territorial, unha vez atendidas todas as solicitudes que cumpran os requisitos, poderán redistribuírse nas restantes xefaturas territoriais, respectando a prelación de solicitudes.

Artigo 5. Definicións

Para os efectos de esta orde considérase:

1. Persoa desempregada: aquela que figure inscrita como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego e que, pola súa vez, careza de ocupación.

Considérase persoa inscrita aquela que figure como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego con anterioridade ou no mesmo día da contratación que se subvenciona.

Considérase persoa que carece de ocupación aquela que non estea en situación de alta no día anterior á contratación que se subvenciona, segundo o informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e, se é o caso, segundo certificado da mutualidade do colexio profesional.

A comprobación da inscrición no Servizo Público de Emprego e da vida laboral realizaraa directamente o órgano xestor das axudas.

2. Persoa desempregada de longa duración: aquela que na data da súa contratación por conta allea estea sen traballo e acredite un período de inscrición como desempregada no Servizo Público de Emprego de, polo menos, doce meses durante os dezoito meses anteriores á súa contratación. Este período de doce meses non ten que ser ininterrompido.

3. Persoa con discapacidade: aquela que teña recoñecida, pola Administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33 %.

Para os efectos desta subvención non terían a consideración de persoas con discapacidade os pensionistas de incapacidade permanente.

Segundo o artigo 4.2 do Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, considera que presentan unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento os pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou grande invalidez, e os pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

Malia o anterior, o Tribunal Supremo fixou como xurisprudencia a doutrina contida nas sentenzas do 29 de novembro de 2018, segundo a cal mentres non sexa modificado o artigo 4.2 do devandito Real decreto legislativo 1/2013, só se aplicará nas políticas activas de emprego a definición de discapacidade do artigo 4.2 para aquelas persoas que foran contratadas antes do 30.11.2018, sen prexuízo de que se poida estender o dereito a contratacións posteriores no momento en que unha norma con rango de lei así o permita.

4. Persoa en situación ou risco de exclusión social: Para os efectos desta orde, teñen esta consideración as persoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia ou as persoas membros da súa unidade de convivencia e tamén as persoas que teñan o certificado emitido polos servizos sociais acreditativo da dita situación social, tras a verificación da ausencia ou déficit grave de recursos económicos e a situación de desemprego, así como a concorrencia dalgún dos factores de exclusión social recollidos no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

Equiparanse ás persoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia as persoas perceptoras do ingreso mínimo vital.

5. Persoa emigrante retornada: de acordo co establecido nos artigos 53 e 54 da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade, terán a condición de galego retornado as persoas galegas e nadas en Galicia que, residindo fóra de España, retornen á Comunidade Autónoma galega. Para os efectos previstos nesa lei asimílanse a persoas galegas retornadas os cónxuxes ou persoas con unión análoga á conxugal e os fillos e fillas das persoas galegas e nadas en Galicia con residencia no estranxeiro que, residindo fóra de España, se establezan na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os requisitos, con carácter xeral, para adquirir a condición de persoa galega retornada son os seguintes:

- a) Ser persoa galega e nacida en Galicia.
- b) Acreditar ou ter relación filial, conxugal ou análoga á conxugal.
- c) Estar en posesión da nacionalidade española e estar vinculado a un concello galego no padrón de residentes no exterior antes do retorno.
- d) Estar empadroado nun municipio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para adquirir esta condición de persoa emigrante retornada non deben transcorrer máis de dous anos entre a data do seu retorno a España e a data de presentación da solicitude.

6. Persoa estranxeira: Aquela que careza de nacionalidade española e estea en posesión de autorización ou permiso de residencia e traballo en España.

7. Persoa trans: toda aquela persoa que se identifique cun xénero diferente ao que lle foi asignado ao nacer.

8. Persoa moza: aquela que teña menos de 30 anos. Terá a consideración de persoa moza aquela que teña menos de 30 anos, no momento do inicio da súa relación laboral.

9. Acción formativa: formación a impartir, ben con medios propios da entidade beneficiaria ou ben a través dunha entidade externa ou expertos, co obxecto de que a persoa traballadora participante adquira coñecementos e habilidades en relación ao posto de traballo a desenvolver na empresa participante no marco do programa.

10. Concello rural: aquel que non conta con ningunha zona densamente poboada a nivel de parroquia (ZPD) segundo a clasificación publicada polo Instituto Galego de Estatística (https://www.ige.eu/web/mostrar_paxina.jsp?paxina=003003001&idioma=gl). Para estes efectos, considéranse concellos rurais todos os concellos galegos agás os seguintes: Cambre, A Coruña, Culleredo, Ferrol, Narón, Oleiros, Santiago de Compostela, Lugo, Barbadás, Ourense, Poio, Pontevedra e Vigo.

11. Ocupacións con subrepresentación feminina na contratación: tomando como referencia as persoas contratadas por xénero no período 2016-2020 nos grupos ocupacionais segundo a nova Clasificación Nacional de Ocupacións (CNO-11) aprobada no Real decreto 1591/2010, de 26 de novembro, téñense en conta os grupos ocupacionais que en 2020 reflicten valores de contratación inferiores o 40 % de representación feminina e segundo o cal se elabora unha lista de ocupacións con subrepresentación feminina por ocupacións.

Artigo 6. Persoas e entidades beneficiarias

1. Poderán ser persoas ou entidades beneficiarias dos incentivos previstos nesta orde as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas que contraten persoas traballadoras por conta allea para

prestaren servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen nesta orde. Tamén poden ser beneficiarios dos incentivos os centros especiais de emprego, excepto para facer contratos con persoas con discapacidade e as empresas de inserción laboral excepto para facer contratos con persoas en situación ou risco de exclusión social.

As empresas que teñan cincuenta ou máis persoas traballadoras deberán cumprir a cota de reserva para persoas con discapacidade, conforme se dea ocupación, polo menos, ao 2 % de traballadores e traballadoras con discapacidade sobre o total das persoas traballadoras ou, no seu defecto, as medidas de carácter excepcional establecidas no artigo 42 do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, e reguladas no Real decreto 364/2005, do 8 de abril (BOE núm. 94, do 20 de abril). Para o cómputo do número de persoas traballadoras da empresa teranse en conta as regras previstas na disposición adicional primeira do devandito real decreto.

2. Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, e as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

3. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria das subvencións establecidas nesta orde as persoas ou entidades en que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

- b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, acharse declaradas en concurso, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme a Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.
- d) Estar incurso a persoa física, as persoas administradoras das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
- e) Non acharse ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos regulamentariamente establecidos.
- f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Non estar ao día de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.
- h) Ser sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.

i) Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, publicas ou privadas sen personalidade, cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

j) En ningún caso poderán obter a condición de entidade beneficiaria as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos números 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das cales se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, mentres non recaia resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.

4. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as persoas solicitantes que estean excluídos do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

5. No caso de que a entidade solicitante sexa unha institución sen ánimo de lucro, a xustificación de non estar incursas na prohibición contida no número 3.e) anterior poderá ser substituída por unha declaración responsable á que se refire o artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.



Artigo 7. *Incompatibilidades e concorrencia*

1. As axudas establecidas nesta orde serán **compatibles** con calquera outra axuda **para distinta finalidade** da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados, pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Respecto das axudas da liña de incentivos á contratación por conta allea sinaladas no artigo 1.1 establécese o seguinte réxime de incompatibilidades:

a) Son compatibles entre si cada unha das liñas de axudas sempre que a persoa traballadora pola que se solicitan os incentivos non sexa a mesma coa excepción das axudas da letra d) de "adaptación de postos de traballo" para o caso de persoas con discapacidade, caso no que será compatible coas demais axudas indicadas no dito artigo 1.1 para a mesma persoa.

b) Son incompatibles con outras axudas que, pola contratación das mesmas persoas traballadoras, poidan outorgar ás administracións públicas como medida de fomento de emprego. Non obstante, serán compatibles, se é o caso, cos incentivos en forma de bonificacións á Seguridade Social.

c) Os beneficios establecidos á contratación non poderán, illadamente ou en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 80 % do custo salarial de dúas anualidades correspondente ao contrato que se subvenciona, no caso das contratacións indefinidas.

d) Os incentivos establecidos para cada un dos diferentes colectivos previstos no artigo 25.1.a) son incompatibles entre si. Para o caso de que unha mesma contratación puidese dar lugar á súa inclusión en máis dun dos supostos para os que están previstas estas axudas, correspóndelle elixir unha única opción á persoa solicitante no anexo de solicitude.

3. As subvencións previstas para a formación sinaladas no artigo 1.2 son incompatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o financiamento das horas de formación procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, estatal, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Artigo 8. Solicitudes: Forma, lugar e prazo de presentación.

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado (Anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Deberán cumprimentarse, necesariamente, todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, sendo unicamente válidas as solicitudes que se presenten no modelo establecido.

As solicitudes deberán presentarse ante a Xefatura Territorial onde teña o centro de traballo a persoa contratada. No caso de que nunha única solicitude se soliciten contratos con contas de cotización en distintas provincias da comunidade autónoma, a solicitude poderá presentarse ante a Xefatura Territorial que elixa a persoa ou entidade solicitante, sempre que algunha das contas de cotización corresponda a provincia da dita Xefatura Territorial.

2. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administración públicas, se algunha das persoas ou entidades interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.
3. Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365z (<https://sede.xunta.gal/chave365>).
4. O prazo xeral para a presentación das solicitudes das axudas establecidas nesta orde comezará o día seguinte ao da súa publicación e rematará o 29 de setembro de 2023
5. A presentación da solicitudes supón a aceptación das obrigas reguladas nesta orde para ser beneficiarias da axuda, así como a aceptación da subvención, de ser persoa ou entidade beneficiaria dela.

Artigo 9. Documentación complementaria

1. As persoas ou entidades interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación.
 - a) Cando se actúe mediante representación, acreditación por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna, só no caso que non estea inscrito no Rexistro xeral de apoderamentos de Galicia.
 - b) Documentación acreditativa da exclusión social, discapacidade recoñecida fóra de Galicia, da persoa traballadora contratada.

c) Documentos xustificativos do nacemento en Galicia da persoa traballadora contratada e ademais no caso de alegar algunha relación de parentesco coa persoa nacida en Galicia, documentación que acredite o vínculo con esta, no caso de solicitar a axuda polo colectivo de persoa emigrante retornada.

d) Certificado de persoa emigrante retornada, expedido polas delegacións ou subdelegacións do Goberno, baixa consular ou calquera outra documentación que acredite fidedignamente a residencia no exterior e a data de retorno a España, no caso de solicitar a axuda polo colectivo de persoa emigrante retornada.

e) Documentación que xustifique ter obtido ante o Rexistro Civil a rectificación da mención relativa ao sexo ou ben o cambio de nome para a asignación dun diferente ao do sexo rexistrado ao nacer, no caso de solicitar o incremento por persoa trans.

f) No caso de axuda para a adaptación de postos, a memoria explicativa segundo o disposto na letra d) do artigo 24.2, e conforme ao modelo publicado na Sede Electrónica da Xunta de Galicia

g) No caso de que as persoas traballadoras se opuxeran á comprobación dos datos, documentos acreditativos das condicións necesarias para que o contrato sexa subvencionable.

2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa ou entidade interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa ou entidade interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán

acadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa ou entidade interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa ou entidade interesada a súa achega.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Se algunha das persoas ou entidades interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que foi realizada a emenda.

As persoas ou entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa ou entidade interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código do procedemento (TR342C) e o órgano responsable, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

Artigo 10. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento o órgano xestor da axuda consultará automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da

Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas, agás que a persoa ou entidade interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante ou representante.
- b) NIF da entidade solicitante.
- c) Certificado de estar ao día nas súas obrigas coa Seguridade Social.
- d) Certificado de estar ao día nas súas obrigas coa Axencia Tributaria de Galicia.
- e) Certificado de estar ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- f) Consulta concesións pola regra *de minimis*.
- g) Consulta concesións de subvencións e axudas.
- h) Consulta inhabilitación para obter subvencións.
- i) DNI ou NIE da persoa traballadora contratada.
- j) Informe de períodos de inscrición no Servizo Público de Emprego da persoa traballadora contratada.
- k) Informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social dos últimos 12 meses da persoa traballadora contratada.
- l) Contrato laboral da persoa traballadora pola que se solicita a subvención.



Consultaranse ademais os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

a) Certificado de discapacidade recoñecida pola Xunta de Galicia da persoa traballadora contratada.

b) Consulta de datos de residencia con data de última variación padroal da persoa traballadora contratada.

2. No caso de que as persoas ou entidades interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa ou entidade interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas ou entidades interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

4. A persoa solicitante asinará na declaración responsable que forma parte a solicitude que dispón dos documentos asinados pola persoa ou persoas contratadas, no que autorizan ou se opoñen á comprobación dos seus datos, conforme ao modelo do Anexo IV. O devandito documento poderá ser requirido pola administración pública en calquera intre.

Así mesmo, no caso de que algunha persoa contratada pola que se solicita subvención se

opoña á comprobación de datos, o fará constar na dita declaración responsable e consecuentemente presentará os documentos que os acrediten.

Artigo 11. Emenda das solicitudes

A sede electrónica remitirá as solicitudes recibidas á unidade administrativa encargada da instrución do expediente para que comprobe se a solicitude ou documentación presentada reúne os requisitos exixidos nesta orde e, no suposto de que se observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación, de conformidade co disposto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, requirirán a persoa interesada para que a emende no prazo máximo e improrrogable de dez días, indicándolle que, se así non o fixer, se lle terá por desistido da súa solicitude, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 12. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

Todos os trámites administrativos que as persoas ou entidades interesadas deban realizar trala presentación da solicitude, deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta Cidadá da persoa ou entidade interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 13. Competencia para instruír e resolver

1. A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas e subvencións previstas nesta orde corresponderalle, por delegación da persoa titular da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, á persoa titular da Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade competente por razón do territorio.



2. O órgano competente para a instrución dos expedientes será o Servizo de Apoio ao Emprego, Emprendemento e Economía Social da Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade competente por razón do territorio, polas contratacións que se realicen para prestar servizos en centros de traballo radicados na respectiva provincia, e que instruirán os procedementos de acordo cos criterios establecidos para os ditos programas.

3. No caso de que nunha xefatura territorial se presenten solicitudes con varios traballadores dados de alta en contas de cotización de distintas provincias, serán competentes para instruír e resolver a solicitude na súa totalidade os órganos da Xefatura Territorial onde foi presentada a solicitude, sempre que algunha das contas de cotización da solicitude corresponda á dita provincia.

Artigo 14. Procedemento de concesión, instrución e tramitación

1. O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao abeiro desta orde é de concorrencia non competitiva e polo tanto axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

2. Entenderase que a empresa desiste da súa solicitude cando a persoa traballadora pola que se solicita subvención cause baixa na empresa solicitante en data anterior á resolución da concesión da axuda, salvo que a causa da baixa do contrato sexa a finalización da duración do mesmo. A empresa solicitante está obrigada a comunicar esta situación ao órgano ante o que solicitou a axuda.



3. En aplicación dos principios de eficacia na asignación e utilización dos recursos públicos establecidos na Lei de subvencións de Galicia, e sendo unha convocatoria de subvencións en concorrencia non competitiva, a orde de prelación para a resolución das solicitudes virá determinado pola data na que se tivese presentado a documentación completa requirida nestas bases reguladoras.

Artigo 15. *Resolución e recursos*

1. A resolución de outorgamento da subvención comprenderá a identificación da persoa ou entidade beneficiaria e a contía da subvención. A resolución de concesión emitirase atendendo ás manifestacións contidas nas declaracións responsables recollidas no formulario de solicitude, subscritas pola persoa que as realiza, baixo a súa responsabilidade e coas repercusións que ten a súa falsidade reguladas na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Na Resolución de concesión informárase ás persoas beneficiarias que estas axudas se someten ao Regulamento (UE) núm. 1407/2013 da Comisión, de 18 de decembro de 2013, relativo a aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis, e aos Regulamentos (UE) núm. 717/2014, do 27 de xuño de 2014 (sector pesca e acuicultura) e núm.1408/2013, do 18 de decembro (sector agrícola).

2. Toda vez que os requisitos para ser persoa ou entidade beneficiaria desta axuda se deben cumprir con anterioridade á presentación da solicitude e que as obrigas asumidas pola persoa ou entidade beneficiaria se recollen na presente orde nos artigos 20, 27 e 32, non é necesaria a aceptación expresa ou tácita da resolución regulada no artigo 21.5 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, e enténdese aceptada coa presentación da solicitude.



3. No caso de que unha solicitude de axudas comprenda varias contratacións de e non exista crédito suficiente para atendelas a todas, poderase estimar parcialmente a solicitude e conceder a axuda para aquelas contratacións nas que exista crédito tendo en conta a orde de prelación das persoas traballadoras indicada no anexo I. Así mesmo no caso de que o remanente de crédito existente nun proxecto sexa inferior ao importe que correspondería conceder segundo as contías establecidas nos artigos 25 e 30, poderase conceder a axuda polo importe do remanente existente, logo da aceptación pola da persoa ou entidade solicitante.

De se producir perdas do dereito ao cobramento noutras solicitudes ou de levarse a cabo as ampliacións ou redistribucións de créditos a que se refiren os parágrafos 5 e 6 do artigo 4, poderanse atender na súa totalidade as solicitudes concedidas segundo o exposto na alínea anterior, por orde de prelación.

4. O prazo para resolver e notificar é de tres meses, que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada. Todo o anterior de conformidade co disposto na Lei

39/2015, do 1 de outubro, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 16. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 17. Modificación da resolución de concesión

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión segundo o principio de proporcionalidade a que se refire o artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 18. Forma de pagamento

1. O cumprimento dos requisitos acreditarase na solicitude mediante a declaración responsable da persoa beneficiaria, emitida baixo a súa responsabilidade e sen prexuízo da comprobación do seu cumprimento con posterioridade á resolución de concesión; en función desa declaración responsable resolverase a concesión da axuda e procederase ao seu pagamento, unha vez comprobado o cumprimento pola persoa ou entidade beneficiaria das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de non ter pendentes de pago débedas coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no número de conta, con inclusión do IBAN, indicado na solicitude.



2. Nos casos nos que se solicite unicamente a liña de incentivos á contratación, o pagamento será único no momento da concesión da axuda.

3. Nos casos en que se solicite ademais a liña de actividade formativa, o pagamento terá lugar unha vez xustificada a formación realizada segundo o indicado no artigo 32. A falta de presentación da xustificación en prazo comportará a perda do dereito ao cobramento dos incentivos para a actividade formativa.

Artigo 19. Devolución voluntaria da subvención

De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as persoas ou entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta de Abanca ES82 2080 0300 87 3110063172, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na que conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

Artigo 20. Obrigas xerais das persoas e entidades beneficiarias e supostos de reintegro.

Sen prexuízo das obrigas establecidas con carácter específico para cada liña de axudas nos artigos 27 e 32, son obrigas das persoas e entidades beneficiarias das subvencións as seguintes:



- a) Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.
- b) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- c) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á beneficiaria en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- d) Adoptar as medidas adecuadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade con fondos recibidos do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) e colocar un cartel nun lugar visible do lugar do traballo segundo o modelo que consta na Sede electrónica da Xunta de Galicia.
- e) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos casos previstos nesta orde.



f) Notificar a totalidade das axudas obtidas, dentro do réxime de minimis no que se encadra esta orde, debendo sinalar ademais cales destas foron obtidas para a mesma finalidade.

g) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

h) Manter no seu poder o anexo IV de comprobación de datos de terceiras persoas. Estes documentos poderán ser requiridos pola administración pública en calquera momento.

Así mesmo deberá informar ás persoas cuxos contratos laborais se subvencionan ao abeiro desta orde dos seguintes aspectos:

- da comunicación dos datos á administración para o seu tratamento no ámbito das competencias e de acordo cos fins do procedemento administrativo.

- da posibilidade de que a administración realice as consultas precisas para comprobar entre outros extremos, a súa veracidade.

- do dereito de oposición que lles asiste a que a administración trate os seu datos, suposto no que deberá comunicar á súa oposición á administración aos efectos oportunos

i) Aqueloutras obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007,

do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos casos establecidos nos artigos 28 e 33 para cada liña de axudas.

No caso de incumprimento da obriga indicada no apartado 1.d) deste artigo e non enviar a fotografía co cartel identificativo dos fondos recibidos en prazo, procederá o 2% de reintegro da axuda total percibida ao abeiro desta convocatoria.

Artigo 21. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da referida Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no seu artigo 3.1 a que se encontren vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por parte daquela das obrigas previstas no título I da citada lei; o incumprimento desta obriga determinará, de ser o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no punto 4 do citado artigo.

Artigo 22. *Axudas concedidas baixo as condicións do réxime de minimis*

Estas axudas quedan sometidas ao réxime *de minimis*, nos termos establecidos no Regulamento (UE) núm. 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L352, do 24 de decembro); ao Regulamento (UE) núm. 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo a aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado

de funcionamento da UE ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L190, do 28 de xuño) e ao Regulamento (UE) núm. 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola (DOUE L352, do 24 de decembro). Ao estar este réxime de axudas suxeito ao réxime *de minimis*, deberase garantir que, no caso de axudas a empresas, de recibir o beneficiario outras axudas baixo o réxime *de minimis* non se supera o límite de 200.000 euros nun período de tres exercicios fiscais; para as empresas do sector de transporte de mercadorías por estrada, este límite redúcese a 100.000 euros. Para as empresas do sector da pesca as axudas *de minimis* totais que se concedan a unha mesma empresa non poderán superar os 30.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais. Para as empresas do sector agrícola, o límite *de minimis* redúcese a 20.000 euros durante calquera período de tres exercicios. Para o cómputo dos límites deste réxime de axudas terase en conta o concepto de «única empresa» establecido no Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013.

Artigo 23. *Seguimento e control*

1. Sen prexuízo das facultades que teñen atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade levará a cabo funcións de control, así como de avaliación e seguimento dos programas.
2. As xefaturas territoriais da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social poderán comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados. Para estes efectos, a persoa beneficiaria deberá cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.



3. Para realizar estas funcións poderanse utilizar cantos medios propios como alleos estean ao dispor da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

CAPÍTULO II

Liña de incentivos á contratación por conta allea

Artigo 24. Accións subvencionables

1. Para que as contratacións, os incrementos de xornada, ou os incrementos na duración anual dos contratos fixos discontinuos sexan subvencionables, deberán axustarse aos seguintes requisitos:

- a) Que o contrato se realice cunha persoa que se encadre nalgún dos colectivos sinalados no artigo 25.1.a)
- b) Que as contratacións se realicen dentro do período subvencionable, que comprende desde o 1 de outubro de 2022 e ata o 29 de setembro de 2023, ámbalas dúas datas incluídas.
- c) Que as contratacións teñan lugar con anterioridade ou no mesmo día da solicitude de axudas.
- d) No caso de axudas para a adaptación de postos de traballo que o gasto estea realizado na data de presentación da solicitude.

2. Modalidades e requisitos aplicables a cada tipo de axudas

a) Incentivos á contratacións indefinidas iniciais de persoas desempregadas.

Os contratos subvencionables deberán ser de duración indefinido e a tempo completo. Excepciónanse as contratacións de persoas desempregadas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social, que poderán ser a tempo completo ou a tempo parcial; a xornada a tempo parcial será como mínimo do 50%.

Para ser subvencionable a contratación deberá realizarse cunha persoa desempregada, entendendo como desempregada a definición do artigo 5.1 desta orde.

As contratacións deberán estar comunicadas a través da aplicación [contrat@](#).

b) Incrementos de xornada das contratacións indefinidas, de tempo parcial a tempo completo.

Os incrementos de xornada, das contratacións indefinidas iniciais a tempo parcial realizadas con calquera dos colectivos sinalados no artigo 25.1.a), serán subvencionables cando acaden o 100 % da xornada ordinaria ou da establecida no convenio colectivo de aplicación.

c) Incremento da duración anual dos contratos fixos discontinuos a un mínimo de 9 meses a xornada completa. Excepciónanse os contratos realizados con persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social que poderán ser a tempo completo ou a tempo parcial.

d) Adaptación dos postos de traballo ou pola dotación de equipamentos de protección persoal necesarios para evitar accidentes laborais á persoa traballadora con discapacidade contratada, ou por eliminar barreiras ou obstáculos que impidan ou



dificulten o traballo das persoas traballadoras con discapacidade cuxo contrato se subvenciona ao abeiro desta orde. A necesidade da adaptación ou dos medios especiais de protección persoal deberá contar cunha memoria da empresa na que se acredite a necesidade da adaptación ou dotación de equipamentos antes citada, así como os gastos realizados, conforme ao modelo que consta na Sede Electrónica da Xunta.

Artigo 25. *Contía dos incentivos*

1. As axudas definidas no artigo anterior, terán os seguintes incentivos

a) As contratacións indefinidas iniciais de persoas desempregadas incentivaranse con distintas contías base, segundo o colectivo ao que pertenza a persoa contratada, conforme as definicións establecidas no artigo 5 desta orde:

A. Persoa moza: 6.000 euros

B. Persoa parada de longa duración: 10.000€

C. Persoa de 55 anos ou máis: 10.000€

D. Persoa emigrante retornada ou persoa estranxeira: 10.000€

E. Muller: 14.000€

F. Persoa con discapacidade ou en risco ou situación de exclusión social: 16.000 euros.

Neste suposto, se o contrato é a tempo parcial, a contía do incentivo será proporcional ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, no seu defecto, da xornada ordinaria máxima legal.

As contías indicadas anteriormente incrementaranse nun 25 % nos seguintes casos, que son acumulables entre si:

I. No suposto de que o centro de traballo (ou domicilio fiscal, no caso de carecer deste) estea situado nun concello rural

II. Se a persoa contratada é maior de 45 anos (incremento non aplicable na letra C do punto anterior)

III. Se a persoa contratada é unha muller (incremento non aplicable na letra E do punto anterior)

IV. Persoas Trans.

V. Se a contratación se realiza con mulleres en profesións e oficios nos que as mulleres estas subrepresentadas, segundo o informe do Instituto Galego das Cualificacións que se reflicte na lista que figura no anexo II dispoñible para a súa consulta na Sede Electrónica da Xunta

A contía máxima posible a subvencionar por cada persoa contratada con carácter indefinido é de 36.000€.

b) Incremento de xornada das contratacións indefinidas iniciais (de xornada parcial a xornada completa: incentivo de 2.000 €: Se o incremento de xornada se realiza en persoas con discapacidade, o incentivo será de 3.000€

c) Incremento da duración anual dos contratos fixos discontinuos a un mínimo de 9 meses e a xornada completa: incentivo de 4.000€



d) Adaptación dos postos de traballo ou pola dotación de equipamentos de protección persoal: a axuda consiste en 1.000 euros.

Artigo 26. *Exclusións*

Exclúense dos beneficios regulados nesta liña de incentivos á contratación por conta allea:

a) As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2º.1 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestaren servizos noutras empresas mediante contratos de posta á disposición.

b) Os contratos de traballo realizados co cónxuxe, os ascendentes, os descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con el ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas, e contrate a un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

c) Os contratos de traballo realizados coas persoas socias ou administradoras da entidade solicitante da axuda.



c) As contratacións indefinidas iniciais que se realicen con persoas traballadoras que nos 6 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa ou grupo de empresas mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación nos casos de sucesión de empresas previsto no artigo 44 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.

Artigo 27. Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias de incentivos á contratación

Son obrigas das beneficiarias destas axudas:

1. Manter no seu cadro de persoal á persoa traballadora obxecto de subvención durante un período mínimo de vinte e catro meses contados desde a data de realización da contratación, do incremento de xornada, da duración anual do contrato fixo-descontinuo ou da adaptación de postos.

No suposto de extinción da relación laboral dalgunha persoa traballadora pola que se concedeu a subvención, ou no caso de excedencias, a entidade beneficiaria está obrigada a cubrir a vacante cunha nova contratación pola que se poida conceder unha subvención por importe igual ou superior ao da persoa que cause baixa. Para cumprir esta obriga a empresa ten de prazo ata o último día do mes seguinte ao da baixa. Esta nova contratación deberá serlle comunicada ao órgano que concedeu a axuda e non dará lugar, en ningún caso, a unha nova subvención.

2. As persoas ou entidades beneficiarias da subvención pola adaptación de postos de traballo deberán manter o destino dos bens subvencionados polo mesmo tempo que

estean obrigados a manter o posto de traballo a cuxa adaptación aqueles bens serven, que non será inferior ao período mínimo do ben subvencionado.

3. Enviar no prazo dun mes, contado desde o día seguinte á recepción da notificación de Resolución de concesión, o cartel indicado no artigo 20.1.d)

Artigo 28. Incumprimento de obrigas e reintegro

1. Procederá o reintegro das axudas cando a entidade beneficiaria incumpra a obriga establecida no artigo 27.1 desta orde. Por cada contratación subvencionada e non substituída conforme o establecido no antedito artigo procederá o reintegro da axuda concedida pola persoa traballadora de que se trate.

Neste suposto hai que diferenciar entre o reintegro total, cando non se leve a cabo a substitución da persoa traballadora que causou baixa, e o reintegro parcial, que procederá nos seguintes casos:

a) Cando se efectuou a substitución, pero esta non foi feita no prazo anteriormente indicado, a contía que se reintegrará será a correspondente aos meses en que o posto estivese vacante.

b) Cando se efectuou a substitución, pero esta non foi feita cunha nova persoa traballadora pertencente a algún dos colectivos recollinos neste programa polo que se poida conceder unha subvención por importe igual ou superior ao da persoa que causou baixa, procederá o reintegro parcial da axuda concedida pola diferenza entre a cantidade percibida e a cantidade que correspondería á nova contratación.



CAPÍTULO III

Liña de incentivos ás accións formativas no centro de traballo

Artigo 29. Accións subvencionables e requisitos

1. As empresas que así o soliciten poderán ser beneficiarias dun incentivo para a formación, tanto na modalidade presencial como na modalidade de teleformación, das persoas traballadoras subvencionadas por medio dos incentivos á contratación indefinida inicial previstos nesta orde. Para isto teñen que cumprir os seguintes requisitos:

a) A persoa ou persoas traballadoras que reciben a formación e titorización deben ser as persoas contratadas indefinidas iniciais con cargo a esta axuda, segundo o disposto nos apartados 1 a) e 2.a) do artigo 24.

b) En canto á duración da acción formativa, será dun mínimo de 70 horas. Será unha formación teórica con contidos relacionados co posto de traballo que desenvolve a persoa traballadora que participa neste programa.

c) A acción formativa terá lugar dentro dos tres primeiros meses desde o inicio do contrato e deberá de estar finalizada o 29 de outubro de 2023.

2. Queda excluída deste incentivo aquela formación que supoña o cumprimento de obrigas legais empresariais en materia preventiva a que fai referencia o artigo 19 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

Artigo 30. Contías dos incentivos e condicións da percepción

Esta formación incentivarase cunha axuda de 4.000 euros por cada persoa traballadora dada de alta nun contrato indefinido inicial, sempre que a persoa traballadora cumpra os requisitos establecidos na presente orde.

Artigo 31. Lugar de impartición das accións formativas

1. As persoas ou entidades beneficiarias desenvolverán as accións formativas a través de medios propios ou por medio da súa contratación e poderán realizalas tanto nas súas instalacións como nas da entidade encargada da súa impartición.
2. Para o caso da impartición na modalidade de teleformación, esta deberá realizarse a través dunha plataforma virtual de aprendizaxe cunha metodoloxía apropiada para esta modalidade que posibilite a interactividade entre a persoa traballadora que recibe a formación e a que imparte a titoría e que asegure a xestión dos contidos, cun proceso de aprendizaxe sistematizado, así como a avaliación de todo o proceso.
3. Programaranse controis periódicos de aprendizaxe cun número de horas para cada módulo en función dos contidos relacionados co posto de traballo, ata acadar o mínimo de horas teóricas exixidas nesta convocatoria.

Artigo 32. Obrigas das persoas e entidades beneficiarias

1. As persoas e entidades beneficiarias deberán presentar a seguinte documentación, no prazo maximo de 10 días , contados desde o seguinte ao remate da acción formativa:
 - a) Declaración expresa da aplicación da axuda aos gastos subvencionables e declaración doutras axudas solicitadas e/ou concedidas segundo modelo do anexo III.

b) Documento acreditativo de que a entidade solicitante comunicou ás persoas representantes legais das persoas traballadoras a acción formativa xustificativa do incentivo de formación que se realizou coa solicitude desta axuda. No supostos de que non haxa representantes legais a comunicación debe realizarse a todas as persoas traballadoras da empresa, segundo o modelo que figura na sede electrónica da Xunta de Galicia.

c) Declaración da persoa representante da entidade beneficiaria da axuda, que deberá axustarse ao modelo publicado na Sede electrónica da Xunta de Galicia, conforme se realizou a formación subvencionada coa relación das persoas traballadoras que a recibiron, os contidos das accións formativas, o calendario de actividades e o número de horas impartidas . A dita declaración conterá un informe individualizado de aproveitamento e avaliación de resultados, asinado pola persoa titora da formación.

2. A xustificación na modalidade de teleformación realizarase mediante a presentación dos resultados obtidos nos controis de aprendizaxe programados por cada un dos módulos polos que a persoa recibiu a formación e que permitan identificar se realizaron as probas, a data e hora en que se desenvolveu o control e o tempo empregado para o seu desenvolvemento, con indicación da súa cualificación.

Estes datos deben ser almacenados polo sistema de teleformación empregado para a execución da formación.

Artigo 33. Incumprimento de obrigas e reintegro

No caso de que a persoa traballadora pola que se solicita a axuda establecida para a formación, cause baixa na empresa, se esta non recibiu as horas de formación

establecidas no artigo 29 na súa totalidade, a entidade beneficiaria non terá dereito a percibir esta axuda.

No caso de que a persoa traballadora que causou baixa fose substituída por outra persoa traballadora que cumprise as mesmas condicións que a anterior, a entidade beneficiaria poderá percibir a axuda establecida para a formación sempre que esta nova persoa traballadora reciba a formación na súa totalidade segundo o artigo 29.

Esta axuda percibirase por unha soa persoa traballadora formada.

En todo caso, as accións formativas deberán executarse nos prazos establecidos no artigo 29 desta orde de convocatoria.

Disposición adicional primeira. *Delegación de competencias*

Apróbase a delegación de competencias da persoa titular da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade nos xefes e xefas territoriais, no ámbito das súas respectivas provincias, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, e para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polas persoas ou entidades beneficiarias, respecto das resolucións concesorias de que derivan, ditadas por delegación da persoa titular da consellería.

Apróbase a delegación de competencias da persoa titular da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade na persoa titular da Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social para a tramitación e resolución dos expedientes de redistribución dos créditos necesarios para o financiamento desta orde.

Disposición adicional segunda. *Comunicación á Base de datos nacional de subvencións*

De conformidade co previsto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase a información necesaria á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Disposición transitoria. *Concepto de persoas con discapacidade*

No caso de que, durante a vixencia desta orde, se aprobe unha disposición normativa pola que se acredite a consideración de persoa con discapacidade para as persoas pensionistas de incapacidade conforme prevé o artigo 4.2 do Real decreto legislativo 1/2013 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, poderá terse en conta respecto da definición de persoas con discapacidade que consta no artigo 5.3, desde a data de entrada en vigor da dita disposición normativa.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento*

Facúltase a persoa titular da Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións, instrucións e aclaracións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2023

María Jesús Lorenzana Somoza

Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade

Insírase

O secretario Xeral Técnico

José Ramón Pardo Cabarcos